Informe de sustentabilidade 2015

reganosa

Índice

Carta do Presidente 3

1 Reganosa, xestor e operador de infraestruturas de gas natural-TSO 4

1.1 A nosa actividade 6

1.2 Reganosa na cadea de valor do gas natural 7

1.3 Principios de xestión 8

1.4 As nosas infraestruturas 9

1.5 Estrutura organizativa 10

1.6 Servizos prestados por Reganosa 11

2 Reganosa en cifras 13

3 Misión, visión empresarial e valores 17

4 Cobertura e xestión de riscos 21

5 Xestión sustentable: desempeño e obxectivos 23

5.1 Seguridade nas nosas operacións e protección do medio ambiente 24

5.1.1 A seguridade é o primeiro 25

5.1.2 Coidado do medio ambiente 28

5.2 Compromiso coas comunidades e a contorna 34

5.2.1 Xeración de riqueza e actividade 34

5.2.2 Compromiso social 35

5.3 Creación de valor para os nosos accionistas 40

5.4 Ambiente laboral 41

5.5 Orientación ao cliente 44

5.6 Xestión da cadea de subministración 45

5.7 Relacións cos nosos grupos de interese 46

5.8 Perspectivas de negocio 49

6 Goberno corporativo 54

6.1 Composición accionarial 56

6.2 Órganos de goberno 56

6.2.1 Xeración de riqueza e actividade 57

6.2.2 Compromiso social 57

6.2.3 Comisión executiva 59

6.2.4 Retribución do consello de administración 59

6.3 Bo goberno da compañía 60

Informe de verificación independente 61

Acerca deste informe 62

Índice de contidos GRI 64

Glosario de termos e abreviaturas 77

Carta do Presidente

[G4-1]
[G4-2]

Estimados amigos:

A xestión sustentable é unha forma de entender e desempeñar unha actividade nun ambiente global pero además, e isto é o máis transcendental para Reganosa, é algo intrínseco ao noso modelo de negocio. Está integrada na nosa estratexia e constitúe unha peza indispensable na toma de decisións.

Con este convencemento, teño a satisfacción de presentar o Informe de sustentabilidade 2015 elaborado e verificado en conformidade coa opción exhaustiva da Guía G4 de Global Reporting Initiative. A través das súas páxinas, compartimos con tódolos grupo de interese a nosa visión e desempeño en tódolos ámbitos de xestión. Seguimos un criterio de máxima transparencia que nos permitiu xerar unha valiosa ferramenta de mellora continua e que confío será, un ano máis, o xermolo de novos e interesante proxectos.

2015 foi un ano importante para a nosa compañía, marcado por unha pauta clara: apostar pola innovación e expandir o coñecemento. A experiencia de Reganosa en proxectos nacionais e internacionais serviu para crear novas oportunidades de negocio. Por iso, puxemos as nosas capacidades a disposición do mercado mediante a constitución de Reganosa Servicios, unha filial dedicada a prestar servizos de operación e mantemento, enxeñaría, consultoría e formación para proxectos de deseño, construción, operación e mantemento de infraestruturas gasistas.

Como compañía enerxética, temos unha gran responsabilidade na tarefa de construír un futuro sustentable e, en particular, debemos realizar os nosos mellores esforzos para contribuír ao cumprimento dos obxectivos fixados na COP21. Asumimos o ineludible compromiso de subministrar unha enerxía fiable e competitiva a empresas e consumidores e apostamos por iniciativas que reduzan as emisións que aceleran o cambio climático.

Nese sentido, avanzamos no desenvolvemento do proxecto para a creación dun hub de GNL no noroeste peninsular, que favorecerá a descarbonización das rutas marítimas atlánticas. Reganosa participa como socio no proxecto «CORE LNGas hive», seleccionado e dotado de fondos pola Comisión Europea para desenvolver unha cadea loxística de GNL segura e eficiente que permita impulsar o uso do gas como combustible para o transporte mariño.

Ademais, froito do Convenio para o fomento do gas natural licuado como combustible marítimo subscrito coa Xunta de Galicia, finalizouse o deseño dun buque de subministración de GNL que completa o esquema da cadea loxística. Polas súas dimensións, distribución e sistemas de propulsión trátase dun referente tecnolóxico que aportaría flexibilidade para atender a demanda prevista e podería navegar de forma ininterrompida desde a terminal de Mugardos ata os portos do norte de Europa.

No ano 2015 a nosa xestión continuou orientada a alcanzar a máxima eficiencia en custos, seguindo un proceso de constante adaptación ás necesidades loxísticas do mercado. O resultado económico do exercicio, o primeiro completamente afectado pola reforma do sistema retributivo, cerrou cun incremento dos fondos propios nun 10,6% e unha redución do 10% da débeda. Un ano máis, afiánzase a sólida situación financeira da compañía para seguir avanzando no cumprimento dos nosos obxectivos estratéxicos.

En materia de responsabilidade social corporativa, implantamos un marco que asegura a aplicación e efectividade do Código Ético e de Conduta de Reganosa. Creouse o Comité de Ética integrado por conselleiros e membros da dirección e púxose a disposición de todo aquel que así o desexe a Canle Ética na web corporativa, co fin de resolver tódalas dúbidas sobre os principios de actuación e os valores que deben rexer as relacións profesionais.

Unha das ideas que sempre nos inspirou é que a investigación e o coñecemento soamente poden aportar verdadeiro valor cando se comparten coa nosa contorna. Por iso, investimos gran parte dos nosos esforzos de cooperación social en proxectos culturais e educativos. Con este espírito, xurdiu a idea de construír un Centro de Interpretación que acollese os restos arqueolóxicos do xacemento romano de Caldoval. O noso fiel compromiso converteuno nunha realidade e hoxe as obras de construción xa están finalizadas. Durante o ano 2016 a comunidade de Mugardos poderá dispor dunha instalación única que conservará un vestixio da nosa historia.

No futuro, continuaremos centrándonos na excelencia operativa e traballaremos no desenvolvemento de infraestruturas que contribúan a configurar sistemas gasistas seguros e eficientes. O noso Plan Estratéxico 2016-2020 transcorrerá desde un enfoque sustentable baseado en tres elementos fundamentais: eficiencia operativa, crecemento nacional e internacional e investimento en innovación.

Finalmente, en nome do Consello de Administración que presido, quero agradecer profundamente a tódolos profesionais que forman a compañía a súa dedicación e o esforzo que realizan cada día. Eles son o motor que nos permite superar con éxito tódolos nosos retos e son a nosa garantía de crecemento futuro. Grazas tamén aos nosos clientes, ás Administracións, ás comunidades locais, aos provedores e demais entidades coas que Reganosa interactúa pola confianza que depositan en nós e por ser a razón que nos impulsa a buscar constantemente a excelencia.

José María Paz Goday
Presidente

1. Reganosa, xestor e operador de infraestruturas de gas natural-TSO

1.1 A nosa actividade

Reganosa é unha empresa dedica ao desenvolvemento, operación e mantemento de infraestruturas gasistas conforme aos principios de seguridade, eficiencia e flexibilidade. A súa actividade contribúe a garantir a diversificación e a seguridade da subministración do sistema gasista español. [G4-3]

A compañía está certificada como xestora da rede de transporte europeo (TSO) e xestiona un dos puntos de acceso ao sistema de gas natural, garantindo o correcto funcionamento das redes de transporte.

Ademais, Reganosa forma parte de diversos organismos nacionais e internacionais do sector e coopera coas autoridades reguladoras no desenvolvemento normativo. É membro de ENTSOG, onde participa con tódolos TSO europeos co fin de promover e garantir unha xestión coordinada e unha evolución técnica adecuada da rede de transporte en Europa. [G4-16]



"Reganosa é unha empresa dedicada ao desenvolvemento, operación e mantemento de infraestruturas gasistas"

1.2 Reganosa na cadea de valor do gas natural



Actividades que realiza Reganosa

1.3 Principios de xestión

Seguridade

O cero en accidentes é posible.

Eficiencia operativa

Optimización dos procesos e aplicación das mellores prácticas.

Flexibilidade

Adaptación constante ás esixencias operativas e necesidades dos clientes.

“Seguridade, eficiencia operativa e flexibilidade”

1.4 As nosas infraestructuras

[G4-SO2]
[G4-6]
[G4-8]

1 Terminal de GNL de Mugardos

Capacidade de atraque: 15.600 m³ / 266.000 m³
Capacidade de almacenamento: 300.000 m³
Capacidade de regasificación: 412.800 Nm³/h

2 Gasoduto Abegondo-Sabón

Lonxitude: 44,7 Km
Estacións de regulación e medida: 2
Posicións: 6
Presión de deseño: 80 bar
Diámetro: 16/10″

3 Gasoduto Cabanas-Abegondo

Lonxitude: 30,4 Km
Posicións: 1
Presión de deseño: 80 bar
Diámetro: 26″

4 Gasoduto Mugardos-As Pontes-Guitiriz

Lonxitude: 54,4 Km
Estacións de regulación e medida: 1
Posicións: 6
Presión de deseño: 80 bar
Diámetro: 30/26/20/16″



1.5 Estrutura organizativa

Reganosa estrutúrase por liñas de negocio para actuar con axilidade e especialización e para manter un estrito cumprimento da normativa sectorial. A compañía desenvolve actividades reguladas no sistema gasista español a través da súa sociedade Regasificadora del Noroeste, S.A., certificada como TSO. No seu desempeño, analiza de maneira continua as circunstancias do sistema gasista co fin de desenvolver servizos de valor engadido para os seus clientes que soporten as necesidades loxísticas do mercado de gas natural.

A experiencia de Reganosa en proxectos nacionais e internacionais e a aposta continua pola innovación desenvolveron as capacidades da compañía e xeraron novas oportunidades de negocio. Para dar resposta a esta realidade, en 2015 constituíuse Reganosa Servicios, S.L., unha filial dedicada á prestación de servizos de O&M, enxeñaría, consultoría e formación en relación coas actividades de deseño, construción, posta en marcha, operación e mantemento de plantas de regasificación, gasodutos e infraestruturas gasistas da rede básica.

1.6 Servizos prestados por Reganosa

(G4-4)

Descarga de buques

As instalacións da terminal de Mugardos reciben buques metaneiros, cunha capacidade de almacenamento de entre 15.600 m^3 e 266.000 m^3 que transportan o GNL a unha temperatura de -160 ºC.

Trasvase de GNL e arrefriamento de buques

Na terminal, realízase o trasvasamento do GNL almacenado nos tanques aos buques e as operacións de arrefriamento, desde a posta de gas natural nos tanques dos buques (*gassing up*) ata o arrefriamento paulatino dos mesmos ata a súa temperatura de operación final (*cool down*).

Almacenamento de GNL

A prestación de servizos inclúe o dereito a usar o almacenamento operativo necesario nos termos que establece a normativa de acceso ás instalacións.

Regasificación

O GNL, almacenado nos tanques da terminal a -160 ºC, transfórmase ao seu estado gaseoso aumentando a súa temperatura mediante un proceso físico, para o cal se empregan con carácter xeral vaporizadores de auga de mar.

Transporte de gas natural

Mediante a rede de transporte troncal, titularidade de Reganosa, transpórtase o gas conectando a terminal de GNL co gasoducto Tui-Llanera, consumidores cualificados directamente conectados á rede e redes de distribución que subministran a diversos municipios.

Carga de cisternas

Na terminal de Mugardos préstase o servizo de carga de cisternas, o que permite a subministración a empresas e industrias do noroeste peninsular e abastece aos consumidores domésticos de zonas pouco gasificadas a través de plantas satélite conectadas ás redes de distribución.

Análise de laboratorio

O laboratorio de Reganosa presta servizos de análise da composición do gas natural e GNL aos usuarios das súas instalacións e a empresas e entidades externas, mediante un equipamento perfectamente calibrado e verificado.

O&M, formación e consultoría.

Reganosa presta servizos de formación, simulación de redes de transporte, enxeñería, asesoramento técnico e consultoría en relación co deseño, construción, posta en marcha, explotación, operación e mantemento de terminais de GNL e instalacións de transporte de gas.

Ciclo de reparación

No ano 2012, Navantia, Reganosa e Gas Natural asinaron un acordo pioneiro para ofrecer conxuntamente servizos integrais de reparación de buques gaseiros. Esta actividade converteu o Porto de Ferrol nun dos poucos do mundo no que un buque pode chegar, descargar, repararse, arrefriarse, cargarse e partir cubrindo un ciclo de reparación completo.



reganosa

2. Reganosa en cifras

Datos da actividade [G4-9]	**2013**	**2014**	**2015**
Descarga de buques (GWh)	18.964	21.051	16.520
Produción (GWh)	19.215	20.131	16.576
Regasificación (GWh)	13.561	10.190	14.385
Carga de cisternas (GWh)	1.939	2.994	2.138
Trasvasamento de GNL a buques (GWh)	3.604	6.947	53
Gas transportado na rede de gasodutos (GWh)	13.827	10.824	14.392
Coeficiente de utilización da terminal de Mugardos (%)	42	44	36

Información financeira [G4-EC1] [G4-EC4] [G4-9]	**2013**	**2014**	**2015**
Beneficio neto (€)	12.890.931	12.010.021	15.501.491
EBITDA (€)	46.383.716	44.882.033	47.319.143
Dividendos (€)	4.000.000	2.000.000	4.000.000
Investimentos (€)	680.862	538.923	969.399
Débeda neta (€)	203.658.014	177.092.981	156.749.713
Fondos propios (€)	97.099.830	107.051.516	118.533.008
Activos (€)	294.927.304	274.175.749	254.625.881
Cociente débeda neta/EBITDA	4,39	3,95	3,32
Axudas económicas concedidas polas Administracións (€)	280.556	253.665	100.000

Datos sobre seguridade e medio ambiente [G4-EN31] [G4-OG13]	**2013**	**2014**	**2015**
Formación do persoal en materia de seguridade (horas/empregado)	14,97	48,7	33,6
Simulacros e exercicios de seguridade desenvolvidos (nº)	2	3	4
Investimentos en melloras ambientais (€)	166.797	136.004	60.200
Gastos en estudos de control medioambiental (€)	127.524	116.630	171.229
Auditorías de calidade e seguridade, internas e externas (nº)	6	6	7

Motor de crecemento [G4-EC1] [G4-EC8] [G4-EC9]	**2013**	**2014**	**2015**
Valor económico xerado (€)	58.291.995	56.413.001	59.575.285
Valor económico distribuído (€)	28.335.980	27.744.117	29.547.304
Porcentaxe de provedores galegos contratados (%)	52	50,58	52,19
Grandes industrias galegas ás que se lles proporcionou gas natural (nº)	25	33	33
Aforro económico nestas empresas gracias ao cambio a gas natural*1 (€)	58.760.111	95.630.102	30.965.233
Redución de emisións nestas empresas gracias ao cambio a gas natural*2 (tCO2eq)	53.506	91.984	34.845
Desenvolvemento do gas natural en Galicia*3 (índice de gasificación)	8,56	8,79	9,11

*1 e 2 Dato estimado. Considerouse que o combustible consumido antes do cambio a gas natural era gasóleo.
*3 Índice estimado a partir dos datos sobre o número de clientes de gas (fonte: Sedigas) e poboación (fonte: INE).

Acción social [G4-EC1] [G4-EC7]	**2013**	**2014**	**2015**
Investimento social en relación co EBITDA da compañía (%)	0,73	1	4,20
Investimento social en relación co beneficio neto da compañía (%)	2,61	3,75	12,90
Investimento social total (€)	336.940	443.006	2.005.531
Proxecto para a posta en valor dos restos arqueolóxicos do xacemento de Caldoval (€)	43.200	206.378	1.799.659
Doazóns e patrocinios* (€)	176.670	137.704	121.300
Importe dedicado a becas (€)	117.070	98.924	84.572
Persoas que participan nas diferentes entidades deportivas apoiadas por Reganosa (nº)	5.645	6.141	6.264
Bolsas e prácticas (nº de beneficiados)	33	22	19

* Inclúese IVE

Desenvolvemento profesional [G4-LA6] [G4-9] [G4-LA9] [G4-LA11]	**2013**	**2014**	**2015**
Empregados a 31 de decembro (nº)	67	69	70
Tasa de rotación	0,03	0,01	0
Índice de novas contratacións	0,04	0,04	0,01
Empregados con contrato indefinido (%)	95,5	92,8	91,4
Idade media do persoal (anos)	40,36	40,75	41,73
Perfís profesionais (% de titulados superiores e medios)	45	48	48,57
Índice de frecuencia*1	17,38	8,61	8,17
Índice de gravidade*2	0,96	2,29	0,56
Índice de absentismo*3	1,38	3,57	1,48
Formación por empregado (horas/empregado)	58,48	67,62	54,00
Empregados que reciben avaliacións do seu desenvolvemento (%)	92,54	91,30	90

*1 Índice de frecuencia = nº de accidentes con baixa x 1.000.000/horas traballadas
*2 Índice de gravidade = nº de xornadas perdidas x 1.000 /horas traballadas
*3 Índice de absentismo = horas perdidas/horas teóricas x 100

Clientes e cadea de subministración [G4-EN32] [G4-LA14] [G4-RH10] [G4-SO9]	**2013**	**2014**	**2015**
Clientes que recibiron enquisas (%)	100	100	100
Satisfacción dos clientes (%)	74	76	83
Provedores contratados rexistrados na base de datos de homologación (%)	38	39	38
Provedores contratados rexistrados na base de datos de homologación que foron certificadas de acordo con UNE 9.001 (%)	85	83	82

Goberno corporativo e transparencia [G4-SO4] [G4-SO5]	**2013**	**2014**	**2015**
Conselleiros a 31 de decembro (nº)	14	20	20
Mulleres no Consello de Administración (%)	7	10	5
Empregados que recibiron o Código Ético (%)	N/A	100	100
Comunicacións recibidas na Canle Ética (nº)	N/A	N/A	1
Incidentes relacionados coa corrupción (nº)	0	0	0
Noticias sobre a compañía recollidas en medios de comunicación (nº)	224	265	237
Persoas que visitaron a terminal de Mugardos (nº)	391	570	268

3. Misión, visión empresarial e valores

3. Misión, visión empresarial e valores

Misión

Somos unha empresa enerxética que traballa para mellorar o benestar das persoas e reducir o impacto do cambio climático. Garantimos a seguridade do noso ambiente, implantando os últimos avances tecnolóxicos. Estamos orientados á xeración de valor para a sociedade, para os nosos clientes e para os accionistas.

Visión empresarial

O noso obxectivo é ser unha empresa innovadora, de calidade e comprometida co medio ambiente, que mellore o benestar das persoas, ademais de fomentar o seu desenvolvemento e crecemento, garantindo a dispoñibilidade das infraestruturas enerxéticas necesarias e a súa xestión segura e eficiente.

Valores

- Integridade
- Honestidade
- Transparencia
- Esforzo persoal
- Compromiso co proxecto
- Compromiso coa seguridade
- Respecto
- Arraigamento local e proxección global



Arraigamento na cultura de empresa

[G4-DMA]
[G4-HR4]
[G4-SO3]
[G4-15]
[G4-56]
[G4-57]
[G4-58]

Pacto Ético

O Código Ético e de Conduta de Reganosa, aprobado polo Consello de Administración, recolle os valores que regulan as actividades e operacións da compañía e o comportamento de tódolos seus empregados. [G4-DMA]

O Código Ético e de Conduta subscribe de forma expresa tódolos principios do Pacto Mundial das Nacións Unidas, unha iniciativa á que Reganosa se adheriu no ano 2013. Ademais, fundaméntase nos valores desenvolvidos e promovidos desde o Consello de Administración, deseñados para alcanzar os máximos estándares de responsabilidade e integridade profesional.

A súa adopción foi un importante logro en materia de transparencia e trata de divulgar as boas prácticas de xestión e de bo goberno a tódalas entidades e provedores que traballan coa compañía. O Código atópase accesible a través da web corporativa: www.reganosa.com/gl.

Comité de Ética

No ano 2015, constituíse o Comité de Ética de Reganosa, que informa directamente ao Consello de Administración e está integrado por un conselleiro, o letrado asesor do Consello de Administración e membros da Dirección. De acordo co Regulamento Interno que rexe o seu funcionamento, este Comité ten como obxectivos:

- Impulsar a integración dun comportamento profesional, ético e responsable na estratexia e xestión de Reganosa.
- Garantir o respecto e cumprimento dos principios establecidos no Código.
- Desenvolver as competencias relativas á súa interpretación vinculante e á súa aplicación.

Canal Ético

Os grupos de interese da compañía dispoñen dunha Canle Ética, accesible desde a web corporativa, que xestiona as consultas relativas á aplicación do Código e axuda a resolver as dúbidas e inquietudes sobre o comportamento ético no ámbito de traballo e nas relacións profesionais. [G4-57] [G4-58] [G4-LA16]

Control da cadea de subministración

No ano 2015, Reganosa aprobou a inclusión nas súas Condicións Xerais de Contratación dunha cláusula que establece o compromiso de tódolos provedores de respectar os principios contidos no Código Ético e de Conduta de Reganosa e no pacto Mundial das Nacións Unidas. [G4-HR10] [G4-LA14] [G4-SO9]

Accións de difusión

En maio de 2015, o presidente de Reganosa reuniu a todo o persoal para transmitirlle a importancia de incorporar os principios contidos no Código Ético e de Conduta nas actividades diarias de Reganosa e informarlle sobre tódolos mecanismos dispoñibles para asegurar a súa plena efectividade e cumprimento. Tras finalizar a reunión, tódolos profesionais da compañía recibiron un exemplar do Código de mans dos membros do Comité de Ética.

4. Cobertura e xestión de riscos

Tipo de risco	Descrición do tipo de risco	Medidas preventivas e accións correctivas [G4-DMA] [G4-2] [G4-LA14]
Regulatorio	Reganosa opera nun sector regulado, polo que os cambios no seu marco normativo poderían ter incidencia nos seus resultados.	Fluída comunicación cos organismos reguladores e administracións públicas nacionais e internacionais nun marco colaborativo.
		Seguimento continuo das modificacións legais aprobadas en cada momento e realización de propostas de desenvolvemento regulador.
		Participación en asociacións, foros de debate e grupos de traballo e interacción activa co resto de axentes do sector.
		Defensa xurídica dos intereses da compañía nos casos nos que resulta necesario.
		Deseño dun Plan de eficiencia enerxética que permita optimizar a operativa e responda adecuadamente ás esixencias do marco retributivo.
		Uso do *software* de simulación da rede de transporte de gas ganeso, que permite simular a aplicación de multitude de políticas.
		Participación activa nos grupos de traballo de entsog para o desenvolvemento dos Códigos de Rede europeos, que permitirán unha explotación eficiente e un desenvolvemento adecuado do mercado interior do gas natural.
Negocio	Seguridade, saúde e medio ambiente A xestión adecuada garante que os impactos e os riscos se minimicen ou eliminen.	Implantación e mantemento do Sistema Integrado de Xestión de calidade, medio ambiente e seguridade e saúde ocupacional. (ISO 9001, OHSAS 18001, ISO 14001 e EMAS).
		Aprobación do Plan de Prevención de Riscos Laborais, onde se desenvolven as accións preventivas a integrar en toda a estrutura organizativa.
		Realización anual da Planificación da actividade preventiva, na que se establecen as medidas a levar a cabo para controlar, reducir e eliminar os riscos detectados nas avaliacións de riscos realizadas periodicamente.
		Revisión periódica do Plan de Autoprotección e realización de simulacros para establecer a eficiencia das actuacións previstas nese plan e no Plan de Emerxencia Exterior.
		A compañía dispón dun paquete de seguros con empresas de recoñecido prestixio e experiencia internacional no sector enerxético para responder a tódalas continxencias que puideran aparecer.
	Mercado A incerteza sobre a evolución da demanda pode incidir sobre os resultados da compañía	Seguimento constante do comportamento da demanda e participación en iniciativas para o desenvolvemento de novos usos do gas natural.
	Operación Refírese aos riscos derivados das infrastruturas, tales como fallos ou indispoñibilidades.	Desenvolvemento e implantación de procedementos e actuacións segundo criterios de calidade, medio ambiente e prevención, (certificacións ISO 9001, OHSAS 18001, ISO 14001 e EMAS).
		Validación dos métodos analíticos internos utilizados no laboratorio de acordo coa norma ISO 17.025 a través dunha auditoría de acreditación.
		Revisión preventiva e preditiva de equipos, de acordo con programas específicos de mantemento.
		Ademais das actuacións preventivas, o Procedemento de xestión de incidentes industriais establece a metodoloxía do proceso de investigación das condutas ou factores que determinaron a ocorrencia de incidentes. A partir das conclusións alcanzadas, implántase e realízase o seguimento de medidas correctivas e preventivas específicas para evitar a súa repetición.
		Establecemento dun procedemento de homologación de provedores para a contratación de servizos, obras e aprovisionamentos, que asegura a selección dos máis cualificados.
Financeiro	Risco dos tipos de xuro	Política de cobertura deste risco baseada no mantemento de tipos de xuro fixos en, polo menos, o 50% da débeda.
		Contratación de sistemas de cobertura de tipos de xuro que protexan o negocio fronte a situacións de tipos altos.
	Fluxo de caixa	Mantemento das dispoñibilidades líquidas necesarias para facer fronte aos compromisos financeiros.
		Seguimento exhaustivo e estimación da evolución futura do déficit do sector gasista en España.

5. Xestión sustentable: desempeño e obxectivos

5.1 Seguridade nas nosas operacións e protección do medio ambiente

[G4-DMA]

Desempeño en 2015

Seguridade e saúde

- Elaboración do Plan de Compromiso de Seguridade e Saúde, que define as medidas específicas en materia de formación, estruturas organizativas e novos procedementos para reforzar a seguridade integrada entre o persoal.
- Desenvolvemento dun plan de simulacros na terminal de Mugardos.

Medio ambiente

- Avance na análise da pegada de carbono da actividade de Reganosa.
- Proxecto de mellora das instalacións para reducir os consumos de electricidade e gas nas operacións de transferencia de GNL.
- Redución dun 50% na xeración de residuos perigosos.
- Redución dun 23% na xeración de residuos non perigosos.
- Realización da auditoría enerxética segundo a UNE 216.501.
- Desenvolvemento do Plan de seguimento dos sedimentos e organismos da franxa litoral próxima á terminal de Mugardos.
- Desenvolvemento de proxectos de mellora ambiental no marco de Convenio de boas prácticas acordado entre Reganosa e a Autoridade Portuaria de Ferrol – San Cibrao.

Obxectivos para 2016

Seguridade e saúde

- Desenvolvemento do plan de acción definido trala elaboración do Plan de Compromiso de Seguridade e Saúde.
- Incorporación de criterios médicos, prácticas de primeiros auxilios e protocolos de actuación en caso de incidentes laborais.
- Desenvolvemento dun plan de simulacros na terminal de Mugardos destinado a optimizar as intervencións técnicas do persoal propio e externo ante posibles situacións de accidente.
- Implantación do Sistema Integrado de Xestión en Reganosa Servicios.
- Redución progresiva dos índices de frecuencia e gravidade.

Medio ambiente

- Finalización da análise da pegada de carbono da actividade de Reganosa.
- Actualización da Análise de risco medioambiental de acordo co estándar establecido na Guía metodolóxica para a elaboración das Análises de riscos medioambientais para plantas de GNL, aprobada polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente en 2015.
- Mantemento do Plan de seguimento dos sedimentos e organismos da franxa litoral próxima á terminal de Mugardos.
- Deseño do Plan de eficiencia enerxética.

5.1.1 A seguridade é o primeiro

[G4-DMA]

A seguridade é o principio básico de xestión da compañía. En cada unha das súas actividades, Reganosa aplica os estándares internacionais máis esixentes e desenvolve as prácticas necesarias para garantir a seguridade das persoas, instalacións e do medio ambiente.

A compañía dispón dun Sistema Integrado de Xestión para toda a súa actividade, revisado anualmente e certificado, entre outros, conforme ao estándar OHSAS 18.001 que garante o cumprimento da lexislación en materia de seguridade e saúde, a súa integración no sistema xeral da empresa, o compromiso de adecuación e mellora continua e o control dos riscos, adoptando as medidas necesarias para eliminalos e minimizalos.

Entre os procedementos do Sistema Integrado de Xestión, Reganosa desenvolveu un método de vixilancia e observación en materia de seguridade, que permite detectar e levar a cabo accións de mellora tanto no ámbito laboral como industrial, e inclúe os criterios de comunicación, análise e resposta da organización ante as incidencias detectadas.

Durante o ano 2015 desenvolveuse o Plan de compromiso de Seguridade e Saúde, que aplica un programa de prevención na organización e fixa os obxectivos da compañía para mellorar as condicións de traballo e protección da saúde, reforzando o obxectivo de seguridade integrada da empresa.

Tras un diagnóstico inicial, no que se realizou unha análise de riscos laborais e industriais e dos sistemas de operación e xestión dos traballos do persoal interno e externo, leváronse a cabo actividades formativas e de concienciación para todo o persoal en función das necesidades que se detectaron. Ademais, fixáronse as estratexias, procedementos e estándares de actuación que permitan alcanzar o nivel de accidentes cero, e establecéronse os mecanismos de seguimento e control do Plan que aseguren a súa máxima efectividade.

Sistema de prevención de riscos laborais [G4-DMA]

O Plan de Prevención de Riscos Laborais de Reganosa establece as medidas a integrar nos procesos operativos e nas condicións e organización do traballo, co fin de asegurar o control dos riscos en tódalas instalacións.

Reganosa promove a cultura de seguridade entre os seus contratistas, difundindo tódalas medidas e requisitos técnicos para a realización de actividades nas instalacións ás empresas colaboradoras. Os contratistas son examinados antes de formalizar a relación contractual e durante o desenvolvemento da mesma.

O compromiso coa seguridade e a saúde das persoas e o cumprimento exhaustivo das nosas políticas permitiunos reducir os índices de frecuencia e gravidade do persoal propio con respecto ao ano 2014 e manter en cero a taxa de enfermidades profesionais. [G4-LA6]

	2013	2014	2015
Índice de frecuencia do persoal propio	17,38	8,61	8,17
Índice de gravidade do persoal propio	0,96	2,29	0,56
Índice de absentismo do persoal propio	1,38	3,57	1,48
Índice de frecuencia para traballadores externos	0	0	11,87
Taxa de enfermidades profesionais	0	0	0
Vítimas mortais	0	0	0

Estas cifras tamén son posibles gracias ao esforzo realizado en materia de formación, concienciación e exercicios de seguridade, que se dirixiron tanto aos profesionais de Reganosa como ás persoas e empresas externas que desempeñan actividades nas instalacións da compañía.

- **33,6** horas de formación por empregado en materia de seguridade, saúde e medio ambiente.
- **4** simulacros de accidentes na terminal de Mugardos en 2015.
- **100%** charlas de seguridade previas para os contratistas que realizan traballos nas nosas instalacións.

Adicionalmente, o Comité de Seguridade e Saúde, composto por dous membros do colectivo de técnicos e dous dos responsables e directivos de área, reúnese trimestralmente para revisar as actuacións da empresa en materia de prevención de riscos laborais. [G4-LA5] [G4-LA8]

Simulacro realizado na terminal de Mugardos

Saúde laboral

Reganosa promove hábitos saudables entre os seus profesionais, realizando recoñecementos médicos periódicos e impulsando a participación en campañas e actividades informativas sobre saúde.

- **92,85%** do persoal someteuse a recoñecementos médicos en 2015.
- **50%** dos operarios de planta recibiron formación sobre primeiros auxilios.

Seguridade das instalacións

[G4-DMA] [G4-PR1] [G4-SO1] [G4-OG13]

Reganosa leva a cabo un seguimento continuo de tódalas súas instalacións mediante os máis avanzados sistemas de monitorización e control. Ademais, imparte formación sobre seguridade e actuación en caso de emerxencia ao 100% dos contratistas externos que traballan nas súas instalacións. Igualmente, infórmase aos titulares das obras ou terreos por onde discorren os gasodutos sobre as características e medidas de seguridade aplicables ás infraestruturas.

Tódalas adaptacións tecnolóxicas necesarias nas instalacións sométense a un exhaustivo procedemento de xestión de cambios no que se identifican as necesidades de realización de estudos cuantitativos e cualitativos de riscos de acordo con estándares internacionais de boas prácticas.

Ademais, durante o ano 2015, Reganosa realizou, dentro do seu programa intensivo de formación en seguridade, catro simulacros nas instalacións da terminal de Mugardos. Nun deles, comprobou a capacidade de resposta nunha das situacións incluídas no Plan de Autoprotección e contou coa participación dos remolcadores do Porto de Ferrol, activados pola Autoridade Portuaria.

Igualmente, o persoal do parque de bombeiros de Ferrol realiza visitas periódicas ás instalacións da terminal de Reganosa para coñecer e familiarizarse cos produtos manipulados e cos distintos sistemas contra incendios instalados e participan, co persoal que integra o equipo de intervención da compañía, nas xornadas de formación contra incendios.

5.1.2 Coidado do medio ambiente

[G4-DMA]
[G4-EN7]

Reganosa é unha compañía que coida o medio ambiente. O noso compromiso vai máis alá do respecto á lexislación ambiental. Preocúpannos os recursos naturais que nos rodean e queremos contribuír ao seu mantemento e mellora a través das nosas accións.

Por iso, a compañía certificouse conforme aos estándares máis esixentes: a norma internacional ISO 14.001 e o sistema europeo de Ecoxestión e Ecoauditorías EMAS. A aplicación do Sistema de Xestión Integrado de acordo con estas normas asegura unha xestión ambiental avanzada, o cumprimento de tódalas previsións normativas e a sistematización dos procedementos e pautas ambientais. Baixo este estándar, Reganosa asumiu un compromiso de mellora continua para prever e minimizar os impactos asociados á súa actividade. [G4-DMA] [G4-SO1]

A compañía establece un sistema de control que inclúe procedementos e estudos periódicos facultativos e accións formativas entre o persoal. Ademais, Reganosa asume obxectivos específicos na súa Declaración Ambiental anual para reducir as emisión e os consumos de auga, enerxía e materiais e para optimizar os procesos de xestión de residuos.

Todo o desempeño ambiental realízase con transparencia. A compañía estableceu diversas canles de comunicación que permiten dar resposta ás solicitudes de información de tódalas partes interesadas no seu funcionamento. A través da Declaración Ambiental anual infórmase a tódolos grupos de interese sobre os aspectos medioambientais da xestión e tódalas dúbidas e suxestións poden dirixirse á canle de comunicación habilitada na web www.reganosa.com/gl.

Control de consumos

Reganosa utiliza enerxía e materiais auxiliares para desenvolver as actividades e servizos prestados nas súas instalacións. Anualmente, na auditoría do Sistema Integrado de Xestión, realízase un control do rexistro destes consumos e lévase a cabo unha comparativa cos de anos precedentes para avaliar a tendencia, comprobar a eficiencia dos procesos e fixar os obxectivos e medidas necesarias para os seguintes exercicios.

Consumo enerxético

[G4-DMA]
[G4-EN3]
[G4-EN5]
[G4-EN6]
[G4-EN7]

Durante o ano 2015 Reganosa tivo un consumo de gas natural de 51.821 GJ. Adicionalmente, consumíronse 76.684 GJ de electricidade e 439 GJ de gasóleo.

Ao longo do período 2013-2015, o consumo enerxético total en Reganosa foi de 883.481 GJ. O incremento experimentado en 2014 debeuse fundamentalmente aos días de operación por debaixo do mínimo técnico e ás paradas de planta, que fan necesaria a queima de gas natural.



Gas natural

O consumo de gas natural prodúcese nos momentos nos que as instalacións operan por debaixo do mínimo técnico e nas paradas de planta programadas no tempo. No ano 2015 reducíronse considerablemente os autoconsumos de gas natural con respecto a 2014 porque, mantendo os valores de actividade global da terminal, dedicouse menor cantidade de gas natural ás operacións de trasvasamento de GNL a buques e regasificáronse máis. Isto sumado ádistribución das paradas de planta en períodos máis curtos de tempo permitiron a redución.



Electricidade

Emprégase principalmente para o funcionamento dos equipos da terminal de GNL. Actualmente, a electricidade constitúe o primeiro consumo enerxético por importancia.

O uso de electricidade experimentou un lixeiro aumento no que influíe principalmente o incremento da actividade de regasificación.



Gasóleo

En 2015, o uso de gasóleo supuxo o 0,34% do consumo enerxético total e orixinouse fundamentalmente nas probas de funcionamento dos motores de emerxencia da terminal de Mugardos. Tamén se inclúen os consumos de combustible da frota de vehículos da empresa.



Consumo de gasóleo

Intensidade enerxética (gasóleo)

Consumo de materiais

[G4-DMA]
[G4-EN1]

THT (Tetrahidrotiofeno)

O THT é un composto empregado como odorífero na rede de transporte de gas natural por motivos de seguridade. A súa concentración no gasoduto vén determinada pola normativa e o seu consumo está ligado á regasificación realizada. En 2015 produciuse un aumento do consumo debido ao incremento da actividade de regasificación.



THT

Nitróxeno

O seu consumo está relacionado cos inertizados de equipos que se realizan antes e despois das tarefas de mantemento, así como co varrido e baleirado dos brazos ao finalizar as operacións de carga e descarga do GNL dos buques e carga de cisternas. En 2015, produciuse unha diminución no seu consumo debido á tipoloxía dos servizos e ás labores de mantemento realizadas.



Nitróxeno

Bisulfito sódico

Este composto utilízase na planta para neutralizar o hipoclorito sódico utilizado dentro do circuíto de auga de mar. Á súa vez, o hipoclorito sódico xérase de maneira continua nunha planta de electrocloración ao comezo do circuíto e serve para evitar a formación de microorganismos no interior de tubaxes e equipos.

Bisulfito sódico

Consumo de auga

[G4-DMA]
[G4-EN8]
[G4-EN9]
[G4-EN22]

Auga para servizos nas instalacións

O consumo de auga realízase principalmente nos usos principais e na limpeza. Tamén se inclúen os usos sanitarios e auxiliares. O aumento do consumo en 2015 debeuse principalmente ao uso de equipos de reserva para as funcións de climatización e presurización de salas, os cales utilizan auga en continuo como refrixerante.

Auga de mar

A terminal utiliza auga de mar no seu proceso de regasificación para aumentar a temperatura do GNL e conseguir o seu cambio de fase líquido a gas. O volume empregado devólvese integramente ao medio mariño cunha mínima diminución da súa temperatura. No ano 2015 prodúcese un incremento do uso de auga de mar polo aumento da actividade de regasificación. Os parámetros de cloro e temperatura de auga devolta ao mar atópanse moi por debaixo dos límites establecidos.









Emisións

[G4-DMA]
[G4-EN15]
[G4-EN16]
[G4-EN21]

Emisións de GEI

Reganosa desenvolve as verificacións de control atmosférico anuais previstas no Regulamento (UE) 601/2012. As emisións directas (Alcance 1 segundo o estándar GHG Protocol) xéranse pola combustión de gas natural de autoconsumo e polo consumo de gasóleo nos motores auxiliares dos equipos da terminal. As emisións, de acordo co citado Regulamento, calcúlanse sobre a base de fontes fixas por xeración, polo que non está incluído o consumo da frota de vehículos. As emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro (Alcance 2 segundo o estándar GHG Protocol) correspondentes á xeración de electricidade consumida mantiveron unha tendencia estable no período 2013-2015.



*1 e 2 En 2013 e 2014 utilizouse 335 grCO_2/KWh, último factor publicado por UNESA para 2011.
*3 En 2015 utilizouse 298 grCO_2/KWh, último factor publicado por UNESA para 2014.

Emisións doutros gases

En 2015, as emisións de NOx no vaporizador de combustión somerxida da terminal de Mugardos alcanzaron un mínimo ata situarse en 44 kg.



Xestión de residuos

[G4-DMA]
[G4-EN23]
[G4-EN25]

Os residuos xerados por Reganosa son moi limitados e débense, principalmente, aos labores de mantemento e limpeza das instalacións e equipos. O valor dos residuos non perigosos en 2013 debeuse á limpeza das balsas e arquetas.

A compañía recicla e reutiliza os residuos sempre que é posible. No ano 2015, o 83% dos residuos perigosos e o 98% dos residuos non perigosos foron destinados a procesos de recuperación e reciclado.



Iniciativas colaborativas para mellorar o noso desempeño ambiental [G4-15]

Convenio en materia de boas prácticas ambientais, acordado entre APFSC e Reganosa.

Mediante a sinatura deste Convenio en 2013, Reganosa comprometeuse a cumprir o establecido na Guía de Boas Prácticas ambientais aprobada por Portos do Estado e a aplicar sistemas de mellora continua no control das operacións e tarefas de mantemento.

Como medida de verificación, realízase un seguimento e revisión anual no que se esixe á compañía, entre outros requisitos, manter a certificación do seu sistema de xestión ambiental segundo a norma internacional ISO 14.001 e o Regulamento EMAS e desempeñar o seu compromiso de mellora continua a través de investimentos ambientais.

Estudo de «Seguimento periódico da evolución das comunidades bentónicas infralitorais da enseada de Santa Lucía» desempeñado pola Estación de Bioloxía Mariña da Graña, da Universidade de Santiago de Compostela.

[G4-DMA] [G4-EN9] [G4-EN12] [G4-OG4] [G4-EN26]

Desde o ano 2006, Reganosa elabora, de forma voluntaria e con carácter bimestral, un estudo dirixido ao seguimento periódico da composición e estrutura das comunidades bentónicas infralitorais da enseada de Santa Lucía.

As análises permiten realizar un control da evolución destas comunidades e avaliar o substrato, a cantidade de materia orgánica depositada e a influencia que ten o hidrodinamismo do vertido de Reganosa nos procesos de sedimentación.

Os resultados demostran que o vertido non afecta ni á composición nin á estrutura das comunidades bentónicas situadas nas inmediacións da terminal. Ademais, a comparación con datos históricos do estado dos sistemas de microorganismos (anteriores á presencia de Reganosa), acreditou igualmente a inexistencia de impacto da terminal no medio mariño.

5.2 Compromiso coas comunidades e a contorna

Reganosa, a través do desempeño da súa actividade, xera crecemento económico e social, creando valor para os seus grupos de interese mediante a transformación de recursos materiais, financeiros e sociais.

5.2.1 Xeración de riqueza e actividade

Valor económico directo distribuído por Reganosa

[G4-12] [G4-EC1] [G4-EC8]

6,3 M€ de valor distribuído á sociedade vía imposto.

3,8 M€ de valor distribuído a empregados.

2,0 M€ en investimento social na comunidade.

7,9 M€ de valor distribuído a provedores.

9,7 M€ de valor distribuído a provedores de capital.

Contribución económica indirecta da nosa actividade

[G4-DMA] [G4-EC7] [G4-EC8]

A actividade de Reganosa xera importantes impactos indirectos:

Favorece a eficiencia produtiva das industrias do noroeste peninsular.

Máis do 90% das operacións de carga de cisternas dirixiuse a industrias e empresas.
O cambio de combustible nos seus procesos propiciou unha mellora da súa competitividade en termos de aforro en custos, ademais dunha considerable redución das emisións de CO_2. En concreto, a redución de emisións debido ao cambio de combustible alcanzou en 2015 as 34.854 tCO2eq.

Incrementa os tráficos portuarios.

O valor económico xerado derivado do tráfico portuario en 2015 ascende a 7.714.984 M €.

Reforza a actividade doutros sectores.

A contratación de provedores xera emprego indirecto, favorecendo especialmente o desenvolvemento económico das comunidades locais, dado que se contratou en Galicia o 52,19% dos servizos e obras en 2015. [G4-EC9]

5.2.2 Compromiso social

[G4-DMA]
[G4-EC8]

Reganosa é unha organización orientada ás persoas e comprometida coa sociedade, para a que desenvolve proxectos no ámbito da educación, a cultura e o deporte.

Desempeño en 2015

- Finalización dos traballos de construción do Centro de Interpretación que alberga os restos arqueolóxicos do xacemento romano de Caldoval.
- Colaboracións con Universidades e centros educativos en programas formativos e de investigación.
- Investimento no programa de bolsas e prácticas para perfís de formación profesional e titulados universitarios.
- Patrocinio de actividades sociais, culturais e deportivas.
- Convocatoria da XV Edición de arte Reganosa.
- Desenvolvemento do programa de reunións e visitas ás instalacións da terminal de Mugardos.

Obxectivos para 2016

- Colaboración para a apertura ao público, xestión e mantemento do Centro de Interpretación que alberga os restos arqueolóxicos do xacemento romano de Caldoval.
- Aprobación do Programa de patrocinios.
- Aprobación do Programa de voluntariado corporativo.
- Mantemento do programa de bolsas e prácticas formativas.
- Cooperación con Universidades e centros educativos en programas formativos e de investigación.
- Colaboración activa en xornadas, seminarios e conferencias do sector.
- Mantemento do programa de reunións e visitas ás instalacións da terminal de Mugardos.
- Elaboración do Plan estratéxico de sustentabilidade.
- Sinatura dun convenio para o apoio á aula de simulación e formación continuada no ámbito do soporte vital e técnicas asistenciais de centros hospitalarios da comunidade local declarada de Interese Galego por orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
- Convocatoria da XVI Edición de arte Reganosa.

Promoción do coñecemento e a investigación científica

A compañía colabora con distintas universidades, escolas de negocios e centros de estudo en Galicia. Deste modo, contribúe ao desenvolvemento da investigación, á xeración de coñecemento técnico e á formación de estudantes.

Desenvolvemento dunha ferramenta de modelado da rede gasista (GANESO).

Este proxecto de investigación desenvolveuse entre Reganosa e o Departamento de Estadística e Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e está dirixido polo catedrático de Matemática Aplicada D. Alfredo Bermúdez de Castro.

Mediante o modelado matemático, elaborouse unha ferramenta de simulación e optimización do comportamento físico da rede española de gasodutos de transporte primario. Igualmente, o software pode simular a rede de transporte gasista de calquera país do mundo.

A ferramenta pode replicar redes complexas de gasodutos con tódolos seus elementos (estacións de compresión, posicións de válvulas, plantas de GNL e licuefacción, almacenamentos subterráneos, etc) e pode considerar calquera situación de demanda e condicións de operación. Os resultados das simulacións permiten tomar decisións sobre planificación enerxética e desenvolvemento de infraestruturas, operación do sistema, políticas regulatorias e metodoloxías de tarifas.

Programas de formación con universidades e centros educativos

Reganosa mantén unha colaboración continua con centros educativos e universidades galegas. Os directivos e profesionais da compañía imparten clases en distintos másteres universitarios (MBA e Máster en Loxística e Transporte na Universidade de A Coruña e o Máster Interuniversitario en Técnicas Estadísticas entre as universidades de Vigo, A Coruña e Santiago), grados de enxeñería, escolas de formación profesional, no Instituto Matemático de Tecnoloxía Industrial (ITMATI) e en varios institutos de ensinanza secundaria, entre outras institucións.

Programas de bolsas e prácticas

Para atraer o talento e fomentar a formación e inserción laboral dos mozos, Reganosa desenvolve un programa anual que permite a alumnos universitarios e de formación profesional beneficiarse de prácticas e bolsas na compañía. No período 2013-2015, 54 estudantes e novos titulados participaron neste programa, nas áreas de produción, finanzas, asesoría xurídica, desenvolvemento, laboratorio e contratación.

Accións culturais e deportivas

[G4-EC7] [G4-EC8] [G4-SO1]

Patrocinios

Reganosa apoia e patrocina actividades sociais e iniciativas solidarias con tres obxectivos fundamentais: acción social, fomento do deporte e hábitos saludables e promoción artística e cultural.

A selección dos proxectos nos que se colabora realízase mediante a identificación das necesidades da contorna, de forma proactiva ou a través da recepción de peticións dos axentes interesados. O Comité de Dirección encárgase de valorar as iniciativas e aprobar as colaboracións que se axusten aos principios e á cultura da compañía e son susceptibles de xerar valor e impactos positivos na comunidade. No ano 2015, Reganosa dedicou 121.300 euros en forma de doazóns e patrocinios.
As entidades beneficiadas por estas contribucións no programa de fomento do deporte e hábitos saludables contan con 6.264 socios e beneficiarios.

.

Principais actividades e asociacións patrocinadas por Reganosa en 2015

- Club do mar de Mugardos.
- Racing de Ferrol Club de fútbol.
- S.D.G. Galicia de Mugardos.
- Asociación de amas de casa de Mugardos.
- Segunda edición dos Premios Galicia de Enerxía.
- Green Energy Ports Conference.
- IV Congreso Gasnam.
- Promoción turística do concello de Mugardos.

O proxecto para a posta en valor dos restos arqueolóxicos do xacemento de Caldoval

Reganosa finalizou en 2015 a construción do Centro de Interpretación do xacemento de Caldoval. Esta iniciativa, desenvolvida xunto coa Xunta de Galicia e o concello de Mugardos, puxo en valor os restos arqueolóxicos do xacemento romano, que proceden do século II. Para iso, no ano 2010 firmouse un Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e co concello de Mugardos, co obxectivo de construír na comunidade local a primeira infraestrutura cultural en Galicia que expuxese a actividade deportiva no mundo romano.

O apoio proporcionado por Reganosa neste proxecto consistiu nunha achega económica total de 2.9 millóns de euros. En decembro de 2015 finalizaron as labores de musealización e a urbanización da contorna.

No proxecto traballaron museólogos, arqueólogos e restauradores de recoñecida traxectoria. Os restos, consistentes en parte dun complexo con funcións de recreo, unha zona termal e unha palestra con espazo porticado, móstranse na actualidade nun edificio singular, que recrea as condicións topográficas que permiten contemplalos na súa posición orixinal. O centro foi deseñado polo arquitecto Alfonso Penela, cuxa proposta foi seleccionada trala realización dun concurso de ideas. Durante o ano 2016, a infraestrutura porase a disposición da comunidade.

XV Edición de arte Reganosa

A compañía, un ano máis, convocou a Edición de Arte Reganosa, á que invitou a unha selección de artistas galegos das disciplinas de pintura, escultura, collage e fotografía, escollidos en base ao seu traballo e traxectoria. A temática da Convocatoria foi o ambiente da empresa Reganosa.

A obra seleccionada, de David Catá, entrou a formar parte da Colección de arte Reganosa e, a partir dela, produciuse unha serie limitada de exemplares.

5.3 Creación de valor para os nosos accionistas

[G4-DMA]
[G4-EC1]

Reganosa mantivo en 2015 a súa solvencia e resultados. Este ano, o segundo trala reforma gasista, os ingresos regulados medraron un 5,6% con respecto a 2014, situándose en 59,58 millóns de euros. O EBITDA alcanzou a cifra de 47,32 millóns de euros e o beneficio neto ascendeu a 15,50 millóns de euros.

Para minimizar o impacto dos recortes na retribución regulada, e en liña con exercicios anteriores, maximizáronse os esforzos en eficiencia a través dun plan de control de custos e optimización dos procesos operativos.

59, 58 M€ ingresos regulados.

47,32 M€ EBITDA.

15,50 M€ beneficio neto.



5.4 Ambiente laboral

[G4-DMA]
[G4-10]

Reganosa promove un ambiente de traballo, cuxos eixes fundamentais son a seguridade, o respecto ás persoas, a igualdade de oportunidades, o desenvolvemento profesional e a retención de talento. A compañía ten na actualidade un cadro de persoal cunha idade media de 41,7 anos, constituída por un 48,5% de titulados superiores e medios e cunha taxa de rotación de 0.

[G4-LA1] [G4-LA12].





Prestacións sociais

Reganosa ofrece aos seus empregados seguros médicos e de vida, facilita a adopción das baixas por maternidade e paternidade, incluíndo a modificación e adaptación das condicións de traballo, e establece reducións de xornada laboral en caso de ser necesarias. Ademais, establécense mecanismos de conciliación a través do teletraballo e implantouse un horario de xornada continua para todo o persoal non sometido a quendas. [G4-LA2] [G4-EC1]

Formación e desenvolvemento profesional

Formación e desenvolvemento profesional. Os planes de formación son unha parte fundamental da política de recursos humanos. Procúrase o mantemento do alto nivel formativo dos profesionais, a actualización dos seus coñecementos xerais e específicos e a dotación de coñecementos que lles permitan dar resposta a tódalas necesidades que puideran xurdir no seu posto de traballo. [G4-DMA]

Igualmente, os profesionais de Reganosa reciben formación en idiomas durante todo o ano, asisten a cursos de especialización e teñen acceso á realización de programas máster. [G4-LA9] [G4-LA10]



Sistema de avaliación por competencias

O sistema de xestión por competencias que a compañía ten implantado é unha valiosa ferramenta que permite guiar as carreiras profesionais e detecta necesidades de formación en competencias e habilidades clave para cada posto de traballo e perfil. [G4-LA11]

Ademais, o mecanismo de xestión por competencias permite promocionar aos traballadores en base aos seus méritos e capacidades. De esta maneira, garántese a igualdade de oportunidades de acceso a postos, eliminando calquera discriminación en base a sexo, idade, relixión e calquera outro criterio distinto ao desempeño, para tódalas categorías profesionais.

O respecto á diversidade e a prevención de calquera tipo de discriminación, tanto nos procesos de selección e contratación como no desenvolvemento da carreira profesional, regúlase no Código Ético e de Conduta da compañía. [G4-DMA]

Estes mesmos criterios esténdense tamén á política salarial, a cal establece criterios diferenciadores en base a méritos e grao de responsabilidade dentro da organización. Adicionalmente, a remuneración variable está ligada á consecución de obxectivos individuais e corporativos.

A retribución media dos empregados de Reganosa sitúase por riba do dobre do salario mínimo e establécense bandas salariais que aseguren a equidade interna e sexan competitivas para fomentar a captación e la retención de talento.

Perspectivas 2016

Durante o ano 2016, Reganosa desenvolverá o seu Plan de recursos para identificar as necesidades de formación e incorporación de perfís profesionais na compañía, co fin de desenvolver os obxectivos establecidos no Plan Estratéxico.

5.5 Orientación ao cliente

Manter a satisfacción dos clientes é unha prioridade recollida na Política de Calidade. Reganosa axusta os seus servizos ás súas necesidades e focaliza esforzos no eficiencia operativa e na mellora continua dos seus procesos.

A compañía conta coa certificación ISO 9.001 para tódalas súas actividades, que acredita a implantación continua dos sistemas e recursos necesarios para verificar e mellorar o rendemento e a eficiencia de tódalas súas actividades. Ademais, no exercicio 2015 realizouse a auditoría de acreditación do cumprimento da norma internacional ISO 17.025 que verifica a adopción dos máximos estándares e requisitos de calidade dos laboratorios de ensaio e de calibración na compañía.

Co fin de coñecer a opinión e necesidades dos clientes sobre as operacións e servizos prestados, a compañía realiza de maneira periódica enquisas de satisfacción. A partir das respostas, Reganosa identifica aspectos de mellora e contrasta expectativas, o que lle permite adoptar novas medidas e deseñar accións que ofrezan un servizo cada vez máis satisfactorio.



Con obxecto de garantir o acceso de terceiros á rede, Reganosa publica información clara e detallada sobre os servizos que ofrece a través da súa web, especificando tódalas cuestións técnicas necesarias. Ademais, a través dunha ferramenta común para tódolos TSO (modelo de transparencia) facilita información sobre a xestión da rede de transporte da compañía.

5.6 Xestión da cadea de subministración

[G4-DMA]
[G4-EC9]

A cadea de subministración de Reganosa está integrada por:

- Provedores de materiais e equipos.
- Provedores de obras e servizos necesarios para a construción, operación e mantemento das infraestruturas. [G4-12]

Tipoloxía de provedores en 2015

[G4-12]
[G4-EC9]
[G4-EN32]
[G4-LA14]
[G4-HR10]
[G4-SO9]

Reganosa dispón dun procedemento de homologación de provedores, co fin de comprobar o seu desempeño en materia laboral, ambiental, técnica, de calidade e seguridade, e nos aspectos de responsabilidade social corporativa, de forma que se comprobe a súa idoneidade para participar nos procedementos de licitación. En 2015, 12 novos provedores foron homologados seguindo este procedemento.

Igualmente, recorre a unha base de datos de rexistro de provedores externa (Repro) para comprobar o cumprimento dos criterios establecidos e asegurar que cumpren cos requisitos legais. Unha vez adxudicadas as licitacións, Reganosa establece nos contratos acordos de nivel de servizo a través dos que mide a calidade do servizo prestado.





> “52,19% de provedores galegos”

Homologación de provedores

[G4-DMA]
[G4-EN33]
[G4-LA15]
[G4-HR11]
[G4-SO10]

Homologación:

- Disposición por parte dos provedores de sistemas de xestión ambiental, de seguridade e de calidade.
- Cumprimento de requisitos legais.
- Capacidades técnicas e credenciais.
- Respecto ao Pacto Mundial de Nacións Unidas e á Declaración Universal de Dereitos Humanos.

Selección:

As adxudicacións realízanse aos provedores con mellor cualificación técnica e económica.

Avaliación:

Avaliacións periódicas e auditorías a través dos acordos de nivel de servizo nas que se miden factores coma a calidade do servizo e as faltas incorridas.

5.7 Relacións cos nosos grupos de interese

Desempeño en 2015

- Lanzamento da Canle Ética.
- Creación do Comité de Ética.
- Lanzamento da nova web corporativa de Reganosa.
- Participación activa en xornadas, seminarios e conferencias do sector.
- Informar sobre o desempeño da compañía durante o exercicio mediante a elaboración do Informe de Sustentabilidade 2015.
- Desenvolvemento do programa de visitas ás instalacións da terminal de Mugardos.

Obxectivos para 2016

- Aprobación do Plan de comunicación con grupos de interese.
- Informar sobre o desempeño da compañía durante o exercicio mediante a elaboración do primeiro informe anual integrado.
- Mantemento do programa de visitas ás instalacións da terminal de Mugardos.
- Participación activa en xornadas, seminarios e conferencias do sector.

Reganosa ten a firme convicción de que un dos maiores valores que pode aportar aos seus grupos de interese é a a xeración de confianza e, para iso, establece canles que permitan unha comunicación fácil, transparente e honesta.

A aspiración da compañía é entender as necesidades e expectativas dos grupos de interese e, desde este coñecemento, desenvolver unha estratexia operativa e sustentable que permita dar resposta a tódolos intereses dos grupos, persoas e entidades cos que se relaciona. Ademais, identificar as opinións e preferencias dos grupos de interese é unha valiosa ferramenta de avaliación, que fai posible un procedemento de mellora continua.

A compañía identifica de maneira constante a estes grupos, analiza as cuestións relevantes para eles, establece un procedemento de comunicación continuo e leva a cabo un seguimento periódico para poder responder adecuadamente ás súas demandas.



Relación cos grupos de interese

O compromiso de Reganosa cos seus grupos de interese reflíctese no seu esforzo por manter un contacto fluído e por identificar os asuntos relevantes para cada un deles.

Para xestionar os procesos de comunicación con estes grupos, a compañía desenvolveu canles específicas adaptadas ás súas características. A través delas, trátanse todos os aspectos relevantes para ambas as partes, dialógase e realízanse propostas.

[G4-16] [G4-24] [G4-25] [G4-26] [G4-27] [G4-37] [G4-DMA] [G4- SO1]

Grupo de interese	Mecanismos de relación
Administracións Públicas e Autoridades reguladoras	O carácter regulado da actividade implica un contacto continuo con estas institucións. As súas consultas e opinións forman parte da actividade diaria da compañía.
	Reunións periódicas.
	Seminarios e conferencias sectoriais.
	Información remitida para cumprir as obrigas legais.
Clientes	Enquisas de calidade.
	Reunións periódicas para dar resposta a tódolos seus intereses e necesidades.
	Na web de Reganosa incúese información para o desenvolvemento das operacións.
	Seminarios e conferencias sectoriais.
Empregados	Reunións periódicas e por solicitude dos traballadores que conforman o Comité da Empresa.
	Intranet.
	Área de recursos humanos.
	Redes sociais.
	Canle Ética.

Grupo de interese	Mecanismos de relación
Comunidades locais	Reganosa mantén unha política de portas abertas. Durante todo o ano, realízanse visitas guiadas á terminal e reunións informativas con asociacións ou colectivos da comunidade para tratar e avaliar as súas preocupacións e necesidades particulares. Calquera persoa pode visitar as nosas instalacións enviando unha solicitude a: http://www.reganosa.com/gl/antes-de-visitarnos
	Redes sociais.
	Web corporativa.
	Noticias de prensa.
	Canle de comunicación na web.
	Canle Ética.
Accionistas	Os accionistas participan activamente na xestión da compañía a través dos órganos de goberno e nas reunións periódicas.
Provedores	Os provedores manteñen unha comunicación directa coa área de contratación á que podes trasladar calquera suxestión ou consulta.
	Web corporativa.
Medios de comunicación	Reganosa mantén unha relación de confianza e transparencia cos medios de comunicación, cos que se comunica en todo momento. A Dirección de Reganosa celebra entrevistas con representantes destes medios aos que lles ofrece información sobre o desempeño da empresa.
	Web corporativa.
	Redes sociais.
Asociacións sectoriais	Reganosa organiza reunións periódicas cos representantes e integrantes das asociacións ás que pertence ou forma parte dos seus órganos de goberno.
	Grupos de traballo.
	Xornadas, foros e conferencias.
	Enquisas e trámites de información pública.
Entidades financeiras	Envío regular de información.
	Información financeira publicada.

5.8 Perspectivas de negocio

Desempeño en 2015

- Desenvolvemento da enxeñería para a construción dun buque de subministración de GNL como combustible no marco do Convenio asinado entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e Reganosa, para o fomento do gas natural licuado como combustible marítimo.
- Finalización dos estudos para o proxecto «Hub de GNL no noroeste da Península Ibérica», financiado pola Comisión Europea.
- Maior factor de utilización entre as plantas de regasificación en España (36%).
- Organización e participación en diversos eventos do sector relacionados coa promoción do gas natural como combustible.
- Presentación do proxecto «Hub de GNL no noroeste da Península Ibérica» na 26º Conferencia Mundial do Gas.
- Incorporación dunha nova funcionalidade a GANESO que permite realizar un seguimento da rede a tempo real e medicións da calidade do gas.
- Participación na iniciativa CORE LNGas hive, presentada na Convocatoria multianual do programa CEF (Connecting Europe Facility).
- Cursos especializados sobre gas natural licuado en colaboración con diversas asociacións do sector.
- Desenvolvemento do Plan de actuacións de mantemento das instalacións. 28.242 horas de actuacións.

Obxectivos para 2016

- Participación en diversos proxectos de desenvolvemento de infraestruturas gasistas a nivel internacional aportando o coñecemento e a experiencia da compañía.
- Impulso do proxecto tecnolóxico de innovación en redes Smart Grids.
- Participación na elaboración das normas que desenvolvan o mercado organizado de gas.
- Desenvolvemento de tódalas infraestruturas necesarias para crear o «Hub de GNL no noroeste da Península Ibérica».

Estratexia de Reganosa

Plan Estratéxico 2016-2020

O Consello de Administración de Reganosa aprobou en decembro de 2015 o Plan Estratéxico para el período 2016 – 2020 que establece as liñas que permitan á compañía afrontar os retos futuros.

Liñas estratéxicas

El Plan establece tres liñas de actuación sobre as que Reganosa construirá o seu futuro desenvolvemento:

1 **Business As Usual:** Como TSO, Reganosa centra unha parte importante dos seus obxectivos en optimizar o desenvolvemento, operación e mantemento das infraestruturas no sistema gasista español, adaptando a súa operativa ás esixencias do ambiente sectorial e poñendo especial atención no seguimento e desenvolvemento do marco regulatorio e na xestión eficiente da súa actividade.

Neste sentido, o Plan de eficiencia enerxética é un driver estratéxico que ten como obxectivo reducir os consumos enerxéticos (ata un 20%) e as emisións (obxectivo cero) e adoptar as melloras tecnolóxicas que minimicen as incertezas de mediciónn.

Obxectivo: asegurar un negocio ambiental e economicamente sustentable, robusto, flexible e eficiente.

2 **Crecemento nacional e internacional:** Reganosa continuará examinando o mercado nacional e internacional na busca de novas oportunidades de investimento e colaboración que encaixen dentro dos seus parámetros financeiros e estratéxicos.

Estratexias básicas:

- Promoción nos procesos de planificación dun sistema seguro, eficiente e flexible preparado para asumir os retos do futuro.
- Fomento do desenvolvemento das infraestruturas que posibiliten a implantación dun hub de GNL no noroeste peninsular, proporcionando o acceso a un combustible máis limpo e competitivo.
- Ampliación do negocio levando a cabo actividades non reguladas en relación co deseño, a construción, operación e mantemento de infraestruturas gasistas, participando en proxectos nacionais e internacionais.

Obxectivo: utilizar o coñecemento e a experiencia de Reganosa na operación e promoción de infraestruturas gasistas como panca de crecemento.

3 **Innovación:** A compañía continuará investindo en plataformas de innovación que aporten valor ao negocio actual e doten a Reganosa dun coñecemento diferencial.

Obxectivo: desenvolver e potenciar as capacidades de Reganosa.

HUB de GNL no noroeste da Península Ibérica

(G4-EC2)

Reganosa recibiu en 2014 unha axuda financeira da Comisión Europea, no marco do programa TEN-T, para realizar os estudos de deseño das infraestruturas, instalacións e procedementos necesarios para implantar un centro de subministración de GNL como combustible en Galicia, que axude a reducir o uso e o impacto ambiental dos carburantes derivados do petróleo. Reganosa participa neste proxecto xunto coa APFSC, o INEGA, a USC e Navantia, S.A.

Durante o ano 2015, realizáronse tódolos estudos necesarios para desenvolver o proxecto; o mercado e a demanda, condicións de navegación, procedementos de transvasamento, elementos para crear a cadea de subministración, adaptacións técnicas necesarias na terminal de Mugardos e marco regulatorio. Actualmente, tódalas infraestruturas necesarias foron incluídas no TYNDP.

A implantación dun hub no noroeste da península, no centro das rutas atlánticas, sería unha panca de crecemento para a comunidade galega e situarían ao Porto de Ferrol como un referente na subministración de GNL. Un combustible máis limpo e a menor custo impactará na produtividade das empresas e o aumento do tráfico portuario xerará importantes sinerxías.

Ese apoio europeo reforzouse en 2015 coa aprobación do proxecto para o fomento do GNL como combustible CORE LNGas hive, adxudicado pola Comisión Europea na convocatoria multianual do programa «Conectar Europa» (CEF).

Esta iniciativa, que engloba varias infraestruturas, dispón dun orzamento total de 33,3 millóns de euros, dos que a Comisión Europea financia o 50%. Reganosa participa xunto a outros socios co obxectivo de desenvolver unha cadea loxística segura e eficiente para a subministración do GNL como combustible no sector transporte e, en particular, no ámbito marítimo.

Deseño dun buque para subministrar GNL como combustible na costa noroccidental atlántica da Península Ibérica

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, e Reganosa asinaron en 2015 un Convenio para o fomento do gas natural licuado como combustible marítimo. Froito desta colaboración, empresas especializadas de referencia en Europa deseñaron un buque de subministración de GNL capaz de transportar 10.000 metros cúbicos de combustible.

Este buque completa a cadea loxística, proporcionando flexibilidade para atender ao maior número de demandantes, tanto terminais terrestres como buques en navegación. Deseñouse para realizar operacións en condicións adversas e pode navegar de forma ininterrompida desde a terminal de Mugardos ata os portos do norte de Europa.

O buque deseñado ten 119,35 metros de eslora e 20,5 de manga. O sistema de almacenamento garda unha relación óptima entre a capacidade de GNL transportado e o reducido peso e tamaño do propio barco, o que implica un mellor rendemento enerxético e, en consecuencia, reduce as emisións. Por dimensións e capacidades, trátase dun buque de referencia no uso desta tecnoloxía.

Ademais, dotouse do equipamento máis eficaz desde unha perspectiva medioambiental e operativa. O barco dispón dun sistema de xeración gas/diésel-eléctrico con propulsores azimutais, o que permite un alto rendemento enerxético versatilidade operativa e a máxima maniobrabilidade. A configuración das bombas e os medios de transferencia do GNL garanten ao buque un amplio rango de caudais con diferentes puntos de conexión a ambas bandas.

Compromisos

- Operar de forma segura, eficiente, flexible e ambientalmente responsable.
- Contribuír á seguridade da subministración e ao desenvolvemento do sistema gasista.
- Crear valor para os accionistas.
- Continuar sendo un motor de crecemento para Galicia.
- Investir no desenvolvemento e benestar da comunidade local.
- Garantir o bo goberno e o comportamento ético nas operacións e nas relacións cos grupos de interese.
- Ofrecer ao persoal un ambiente de traballo seguro e enriquecedor.

6. Goberno corporativo

6. Goberno corporativo

Desempeño en 2015

- Reafirmación do apoio ao Pacto Mundial das Nacións Unidas.
- Aprobación do Regulamento Interno do Comité de Ética.
- Elaboración do informe diagnóstico e plan de acción en materia de responsabilidade penal.
- Aprobación do Plan Estratéxico 2016-2020.

Obxectivos para 2016

- Revisión do modelo de prevención de delitos.
- Creación do Comité de Cumprimento.
- Revisión do Plan Estratéxico 2016-2020.
- Revisión da matriz xeral de riscos.
- Revisión da política anticorrupción.
- Revisión da política de actuación en casos de conflito de intereses.

6.1 Composición accionarial

A estrutura accionarial de Reganosa é un importante activo, pola súa diversidade, solidez e coñecemento do sector. Actualmente, os accionistas da compañía son os seguintes: [G4-7]



Reganosa:
Gasifica SA
Gallega de Distribuciones de Alimentación SA
Comunidad Autónoma de Galicia
Forestal del Atlántico SA
First State Regasificadora SLU
Sonatrach Petroleum Investment Corporation BV



Reganosa Servicios:
Regasificadora del Noroeste SA

6.2 Órganos de goberno

Os órganos de goberno de Reganosa son a Xunta Xeral de Accionistas, o Consello de Administración e a Comisión Executiva. A súa actuación baséase nos principios de independencia, especialización e transparencia. [G4-34]



6.2.1 Xunta Xeral de Accionistas

A Xunta Xeral de Accionistas é o máximo órgano de goberno. Tal e como dispoñen os Estatutos Sociais, a vontade dos accionistas, expresada na Xunta Xeral, rexe a vida da sociedade, con arranxo á Lei e aos propios Estatutos.

A Xunta reúnese necesariamente dentro do primeiro semestre do exercicio social para avaliar a xestión da sociedade, aprobar as contas anuais e decidir sobre a aplicación do resultado.

Reganosa facilítalle aos seus accionistas o dereito de información, asistencia e participación na Xunta Xeral de Accionistas e pon a disposición dos seus accionistas a información adecuada para o exercicio dos seus dereitos de voto, de acordo coa Lei e os Estatutos.

.

.

6.2.2 Consello de Administración

O Consello de Administración é o órgano que toma as principais decisións sobre a xestión da compañía, excepto aquelas legal ou estatutariamente reservadas á Xunta Xeral de Accionistas. É o núcleo esencial da xestión e supervisión, encargándose da aprobación das políticas e estratexias xerais da sociedade e, en particular, do Plan Estratéxico, do Plan de Negocio e do modelo de xestión, así como da supervisión da actuación da Comisión Executiva, constituída no seu seo, e da Dirección de Reganosa. [G4-35] [G4-42] [G4-44] [G4-45] [G4-46]

O Consello de Administración é informado periodicamente de todos os procedementos, plans e propostas que lle son expostos pola Dirección, e que se someten á súa deliberación e, no seu caso, acordo, para unha adecuada xestión e control de riscos.

O Consello está integrado por 20 membros, un 5% dos cales son mulleres. O órgano está asistido por un letrado asesor que realiza un labor de control da legalidade sobre os acordos e decisións que se adopten, e presta asesoramento xurídico. Igualmente, os conselleiros están obrigados a dedicar á súa función o tempo e esforzo necesarios para desempeñar o cargo con dilixencia e eficacia, adoptando as medidas precisas para a boa dirección e control da sociedade. [G4-LA12]

O Consello de Administración reúnese coa frecuencia necesaria para o correcto desenvolvemento das súas funcións de administración e supervisión e, en todo caso, unha vez ao trimestre. [G4-47]

Igualmente os conselleiros desempeñan o cargo con lealdade, evitando situacións de conflito de interese, e desempeñando o seu cargo con fidelidade ao Código Ético e de Conduta, cuxos principios e valores foron promovidos e desenvolvidos polo Consello de Administración. [G4-DMA] [G4-SO4]

Composición do Consello de Administración a 31 de decembro de 2015

[G4-39]

Nome do conselleiro	Cargo	Natureza do cargo	Cargo na Comisión Executiva
José María Paz Goday	Presidente	Executivo	Presidente
Ángel Bernardo Tahoces	Conselleiro	Dominical	
María Del Socorro Martín	Conselleira	Dominical	Secretaria
Manuel Galdo Pérez	Secretario	Dominical	
Germán María González Del Valle Chávarri	Conselleiro	Dominical	
Manuel Lara Coira	Conselleiro	Dominical	
Marcos López	Conselleiro	Dominical	
Jesús Louro Carballeira	Conselleiro	Dominical	
José Luis Méndez López	Conselleiro	Dominical	
Niall Patrick Nills	Conselleiro	Dominical	
Tomás Pedraza Bosi	Conselleiro	Dominical	Vogal
Ivan Seoane Abuin	Conselleiro	Dominical	
Roberto Tojeiro Peleteiro	Conselleiro	Dominical	
Roberto Tojeiro Rodriguez	Conselleiro	Dominical	Vogal
Alfonso Rueda Valenzuela	Conselleiro	Dominical	Vogal
Forestal Del Atlántico, SA (Andrés Fuentes Martín-Corral)	Conselleiro	Dominical	
Impregnaciones Melamínicas Gallegas, SA (Jesús Louro Carballeira)	Conselleiro	Dominical	
Gallega de Distribuidores de Alimentación, SA (Roberto Tojeiro Rodriguez)	Conselleiro	Dominical	
MInderdip Singh Sean	Conselleiro	Dominical	
Valeriano Martínez García	Conselleiro	Dominical	

6.2.3 Comisión Executiva

O Consello de Administración constituíu unha Comisión Executiva á que delegou tódalas súas facultades, salvo as indelegables legalmente e as denominadas nos Estatutos «Acordos Básicos do Consello de Administración» e que dota á xestión da sociedade de gran operatividade. [G4-38]

6.2.4 Comité de Dirección

O Comité de Dirección é o órgano que coordina as diferentes áreas de negocio de Reganosa e realiza un control interno da actividade da sociedade Está integrado polo Director Xeral e os Directores das diferentes áreas do negocio: Regulación e Estratexia, Produción, Administración e Desenvolvemento.

Entre as súas funcións principais atópase a de estudar e propor os obxectivos corporativos e o orzamento anual, elevar ao Consello de Administración as preocupacións principais sobre a xestión e as propostas de actuación que sexan necesarias para o desenvolvemento da actividade da compañía.

De acordo cos Estatutos Sociais, a definición da organigrama e o nomeamento dos directivos deben ser acordados por unha maioría de dous terzos do Consello de Administración en base aos criterios de máxima competencia e profesionalidade. [G4-38]

6.3 Bo goberno da compañía

[G4-40]
[G4-41]

Os órganos de goberno de Reganosa son a Xunta Xeral de Accionistas, o Consello de Administración e a Comisión Executiva. A súa actuación baséase nos principios de independencia, especialización e transparencia. [G4-34]

Prácticas de xestión do Consello de Administración de Reganosa

- Os Estatutos Sociais preveñen os conflitos de interese prohibindo a participación dos conselleiros nos órganos de sociedades con intereses en produción ou comercialización.
- Supervisión do cumprimento regulatorio e normativo da compañía.
- Avaliación periódica da calidade e eficiencia do seu propio funcionamento e do da Comisión Executiva.
- Os criterios para o nomeamento dos conselleiros, representen ou non a un accionista significativo, son a independencia, diversidade e especialización.
- Análise trimestral do desempeño.

Retribución do Consello de Administración

[G4-51]
[G4-52]
[G4-53]

A retribución dos membros do Consello de Administración, cuxo sistema está detallado nos Estatutos Sociais, consiste nunha axuda de custo por asistencia a cada reunión, e no seu caso á Comisión Executiva, cuxo importe é fixado con carácter anual mediante acordo da Xunta Xeral de Accionistas, dentro dos límites máximos establecidos pola lexislación vixente en cada momento.

Informe de verificación independente

[G4-32]
[G4-33]

KPMG Asesores S.L.
Edificio Torre Europa
Paseo de la Castellana, 95
28046 Madrid

Informe de Revisión Independiente para la Dirección de Regasificadora del Noroeste S.A.

De acuerdo con nuestra carta de encargo, hemos revisado la información no financiera contenida en el Informe de Sostenibilidad de Regasificadora del Noroeste S.A. (en adelante Reganosa) del ejercicio cerrado a 31 de diciembre de 2015 (en adelante, "el Informe"). La información revisada se circunscribe al contenido del "Índice GRI" del Informe identificado con el símbolo "✓".

La Dirección de Reganosa es responsable de la preparación y presentación del Informe de conformidad con la Guía para la elaboración de Memorias de Sostenibilidad y el Suplemento Sectorial Oil and Gas de Global Reporting Initiative, versión 4.0 (G4), según lo detallado en el punto G4-32 del Índice GRI del Informe. La Dirección también es responsable de la información y las afirmaciones contenidas en el mismo; de la determinación de los objetivos de Reganosa en lo referente a la selección y presentación de información sobre el desempeño en materia de desarrollo sostenible, incluyendo la identificación de los grupos de interés y de los asuntos materiales; y del establecimiento y mantenimiento de los sistemas de control y gestión del desempeño de los que se obtiene la información.

Nuestra responsabilidad es llevar a cabo una revisión limitada y, basado en el trabajo realizado, emitir este informe. Hemos llevado a cabo nuestro trabajo de conformidad con la Norma ISAE 3000, Assurance Engagements other than Audits or Reviews of Historical Financial Information, emitida por el International Auditing and Assurance Standard Board (IAASB) y con la Guía de Actuación sobre trabajos de revisión de Informes de Responsabilidad Corporativa emitida por el Instituto de Censores Jurados de Cuentas de España (ICJCE). Estas normas exigen que planifiquemos y realicemos nuestro trabajo de forma que obtengamos una seguridad limitada sobre si el informe está exento de errores materiales.

KPMG aplica la norma ISQC1 (International Standard on Quality Control 1) y de conformidad con la misma mantiene un sistema integral de control de calidad que incluye políticas y procedimientos documentados en relación al cumplimiento de los requerimientos éticos, estándares profesionales y requerimientos legales y regulatorios aplicables.

Hemos cumplido con los requerimientos de independencia y otros requerimientos éticos del Code of Ethics for Professional Accountants emitido por el International Ethics Standards Board for Accountants, el cual está basado en los principios fundamentales de integridad, objetividad, competencia y diligencia profesionales, confidencialidad y comportamiento profesional.

Nuestro trabajo de revisión limitada se ha llevado a cabo mediante entrevistas con la Dirección y las personas encargadas de la preparación de la información incluida en el Informe, y la aplicación de procedimientos analíticos y otros dirigidos a recopilar evidencias, como:

- La comprobación de los procesos que dispone Reganosa para determinar cuáles son los aspectos materiales, así como la participación de los grupos de interés en los mismos.
- El análisis de riesgos, incluyendo búsqueda en medios para identificar asuntos materiales durante el ejercicio cubierto por el Informe.
- La revisión de la consistencia de la información que responde a los Contenidos Básicos Generales con los sistemas o documentación interna.
- El análisis de los procesos de recopilación y de control interno de los datos cuantitativos reflejados en el Informe, en cuanto a la fiabilidad de la información, utilizando procedimientos analíticos y pruebas de revisión en base a muestreos.

KPMG Asesores S.L., sociedad española de responsabilidad limitada y firma miembro de la red KPMG de firmas independientes afiliadas a KPMG International Cooperative ("KPMG International"), sociedad suiza.

Reg. Mer Madrid, T. 14.972, F. 53, Sec. 8., H. M -249.480, Inscrip. 1.ª N.I.F. B-82498650

- La revisión de la aplicación de los requerimientos establecidos en la Guía para la elaboración de Memorias de Sostenibilidad G4 de Global Reporting Initiative para la preparación de informes según la opción de conformidad exhaustiva
- La lectura de la información incluida en el Informe para determinar si está en línea con nuestro conocimiento general y experiencia, en relación con el desempeño en sostenibilidad de Reganosa.
- El contraste de la información financiera reflejada en el Informe con la incluida en las cuentas anuales de Reganosa, auditadas por terceros independientes.

Nuestro equipo multidisciplinar ha incluido especialistas en el desempeño social, ambiental y económico de la empresa.

